

Wirikuta Tameme

A Natureza

Cristianismo e Wixárika

Wirikuta, México

Outubro a novembro de 2019

Lolo Pérez (57 anos), Elia Sagrado (74) e don Flor (79, D.E.P.)

Lolo e máis eu levamos viaxando xuntos polo mundo dende hai moitos anos, vivindo grandes aventuras por desertos, selvas e cumios de montañas. Meu amigo sempre cargou na súa mochila con aparellos cos que eu non podía, pero dende hai uns anos sostén unha das cargas máis pesadas que pode soportar unha persoa. Súa nai, Conchita (86), esvaécese no esquecemento e no tempo do seu propio ser debido ao alzhéimer.

Para desprenderse desa carga durante un tempo, cruzamos o deserto de Wirikuta, no altiplano potosino, na procura da memoria de san Francisco de Asís, na igrexa de Real de Catorce. Este deserto converteuse en lugar de peregrinación para os wixáricas, que teñen como obxectivo atopar os deuses para «encontrar a vida na natureza».

No camiño cruzámonos con dúas persoas que foron a nosa luz e inspiración: don Flor, un ermitán que sentía un profundo amor pola natureza e un gran fervor relixioso por san Francisco, e máis a súa amiga Elia Sagrado, antropóloga, que o visitou frecuentemente ata que finou.